

**NA SEMANA DO 10 AO 17 DE XANEIRO UN GRUPIÑO DE ZALAETA ESTIVEMOS GOZANDO EN SIERRA NEVADA COA NEVE E DESCUBRINDO OS ENCANTOS DE GRANADA.**

*Esquiamos con sol, o que foi unha auténtica pasada, neste inverno tan duro. A totalidade das pistas estaban en moi boas condicións. E tivemos uns bos monitores: Blas, Begoña e Charly que souberon animarnos e darnos seguridade coas súas indicacións e consellos. Polo que o aprendizaxe foi moi satisfactorio, conseguindo un nivel máis que aceptable. O grupo máis avanzado dende o Veleta (3.398mtrs) vimos moi preto o Mulhacén (3.481 mtrs.) o pico máis alto da península, e a Serra de Cazorla en Jaén. Dende o Zayas a vista era espectacular cara o Mediterraneo que nos separa de África, e divisamos máis lonxe o que parecía entre brumas a cordilleira Rif de Marrocos. As xornadas de esquí fixéronse inesquecibles polas boas condicións climatolóxicas na “Sierra do sol” e polo grupo tan apañado que fixemos.*



***Pero non só esquiamos, o 2009 é o ano internacional da astronomía e non podiamos deixar pasar por alto isto. O legado e a influencia na transmisión cultural e científica de Granada, cara Europa e ao resto do mundo na idade media foi trascendental***

*Na idade media os cosmógrafos árabes herdeiros dos mapas feitos por Ptolomeo no Século II a.c, foron os que continuaron poñéndolle nome a cada unha das estrelas que formaban as constelacións da antigüidade. As constelacións representaban os seus mitos e as súas crenzas. Son parte das culturas das distintas etapas ou estratos históricos: pobos babilonios, hebreos, exipcios, greco-romanos e os seus continuadores os árabes...*

*Ata o século XVII a humanidade non foi quen de descubrir que as estrelas eran soles e que nos xirábamos en torno ao noso sol. Máis tarde atoparíamos o noso sitio no universo coas investigacións de Charles Darwin... **Achegámonos ao Parque das ciencias de Andalucía**, condicionados polo canso e escaso tempo da visita. Pero, aínda así, vimos outro exemplo de arquitectura dos novos museos. Espazos para espertar a curiosidade cara a ciencia e o pensamento, invitando a descubrir aos visitantes que asumen un papel activo. Esta obra foi feita polo arquitecto catalán Carlos Ferrater.*



***AIA 2009 ; Ano Internacional da Astronomía!***

***Recomendáronnos as seccións dos: autómatas, o corpo humano e a Antártida ónde case conxélanos. E no planetario vimos “Historias da lúa”. A distancia co noso satélite permitiunos a humanidade visitar outro lugar do universo, e facernos pensar : de que está feita a lúa?, como se orixinou, e cando?, que son os eclipses?, fases da lúa, que vemos os humanos cando miramos para ela?, que sentimos?, ten influencia ou non sobre as nosas vidas?, que é o que máis sorpréndenos de ela?... Vimos como se ve a lúa dende o observatorio do museo, coas turbulencias da atmosfera. E invitáronos a achegarnos a lúa cuns prismáticos ou cun telescopio, mellor nunha fase onde non estea chea para apreciar mellor o seu relevo...***



***Paseamos polas rúas de Granada, seguindo un plano da cidade, e admirando o casco antigo, catedral, prazas, xardíns, rúas e edificios. Descubrindo aportacións multiculturais feitas polos árabes, xudeos, cristiáns... espectaculares casas de inspiración árabe feitas co diñeiro da industria da azucre de remolacha... A cidade resulta moi impactante coa Serra Nevada ao seu carón. A Alhambra é un lugar único no mundo, onde a fantasía duns sultáns fixo erguer aos pes da serra do sol, un paraíso en Granada. Que nai famosa díxolle ao seu fillo?: “No llores como mujer lo que no supiste defender como hombre” Alhambra!... paraíso perdido dos árabes Andalucías.***

*E visitamos cun guía o palacio de Carlos V, e admirar os exteriores axardinados da Alhambra, ou cidade árabe feita na etapa de esplendor do Al-Andalus. Ao lonxe vimos o Sacromonte coas súas covas onde os xitanos amosan o seu folclore. E paseamos polas estreitas rúas do Albaicín, cos seus carmenes ou brancas casas árabes de aspecto sinxelo, con acolledores patios interiores.*

***Contemplando abraidos dende o mirador de S.Nicolás, a Alhambra de noite. Tod@s quedamos con ganas de volver a Granada e ver a Alhambra por dentro, o monumento máis visitado da península, e nos agora entendemos por que... canta razón tiña Francisco A. de Icaza cando dixo: “ Dale limosna, mujer, que no hay en la vida nada como la pena de ser ciego en Granada”... nesta cidade sería máis trágico ser cego que mendigo.***



*Comprendemos tamén aos visitantes románticos escritores, músicos, artistas do S.XIX que quedaron engaiolados e contaron apaisoados contos que fixeron de Granada un lugar mítico, cun influxo que chegou a M.Falla, F.García Lorca, a toda a xeración do 27...*

***“Si alguien es capaz de insultar a Granada, se le podía replicar con esta máxima: se desprecia todo lo que se ignora” Federico García Lorca“Todas las ciudades tienen su encanto, Granada el suyo y el de todas las demás” Antonio Machado***